

GUÍA DIDÁCTICA:

“Os días D e as semanas S”

**(proxecto baseado en
filosofía REA e DUA)**



Autor: Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)

***Mestre en Educación Primaria e licenciado en Filosofía e Ciencias da
Educación pola UNED***

CEIP O PIÑEIRIÑO (Vilagarcía de Arousa)

Materia ou materias e cursos a que se dirixe

As secuencias didácticas que forman parte de este proxecto teñen un carácter claramente interdisciplinar aínda que na programación as poidamos orientar ao currículo de **4º de Primaria** na materia de **Ciencias Sociais e Valores Sociais e Cívicos**. Pode utilizarse igualmente en 5º e 6º de primaria e incluso en 1º e 2º da ESO.

As secuencias seguirán as directrices do DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) relacionado de forma directa cos **recursos de aprendizaxe en aberto** (REA) e que implica a **acesibilidade universal á educación**.

Á hora de utilizar estas secuencias, debemos integrar diferentes formas de presentación dos temas e respostar a distintas **motivacións, estilos de aprendizaxe ou intelixencias**. Ademais, hai que facelo por medio de metodoloxías variadas. Neste proceso crearemos uns contidos universais, tanto en relación á forma como ao material obxecto de estudo.

Estableceremos un obxectivo **pensando en todos os estudantes**, valorando que materiais, recursos e métodos poderán servir para a nosa finalidade integradora, realizando unha **avaliación previa** de carácter diagnóstica e unha avaliación final, unha vez implementada a lección na aula.

Nos cadernos de traballo das secuencias incluimos igualmente **textos con pictogramas** para nenos con trastornos do espectro autista.

A **lingua** das secuencias e ODEs independentes será en **galego** segundo dispón o *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Xustificación:

As TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) e de xeito máis concreto as TAC (Tecnoloxías da Aprendizaxe e o Coñecemento) son unha excelente oportunidade para axudar a liberarnos dunha vez por todas da escravitude que supoñen os libros de texto. Son o complemento ideal para metodoloxías de traballo baseadas en filosofías máis abertas e construtivistas e para o traballo por proxectos, algo que nunca conseguiremos se seguimos apoiando a nosa ensinanza en solucións prefabricadas como son os CDs comerciais pensados para uns alumnos standard que non temos e para unha realidade completamente allea á nosa.

O obxectivo fundamental que persigo é complementar e incluso prescindir de cando en vez do papel por outro tipo de soportes (neste caso o dixital) para o traballo en determinados temas e áreas. Neste caso está pensado para o 4º nivel de primaria, na área de lingua e literatura galega, e en forma de **secuencias didácticas en soporte dixital**.

A **pertinencia da temática a tratar** “Os días D e as semanas S” ven xustificada na Orde pola que se aproba o **calendario escolar** para o curso correspondente (no curso 2021/22 na: *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*, onde no

artigo 8 sinala as conmemoracións que como mínimo deberemos celebrar.

Para o vindeiro curso ese mínimo componse de 13 días conmemorativos e 4 semanas. Lembrar que a ONU ten marcados [máis de 165 días internacionais](#) coas súas correspondentes resolucións.

Na primeira entrega traballamos os seguintes días:

- 30 de xaneiro: **Día Escolar da non Violencia e da Paz.**
- 15 de marzo: **Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.**
- 7 de abril: **Día Mundial da Saúde.**
- Do 11 ao 15 de maio: **Semana das Letras Galegas.**

(todas elas están publicadas no repositorio de contidos do espazoAbalar. Aínda que inicialmente es cadernos de traballo estaban creados en flash, foron totalmente actualizados a html5 no seu momento. Tamén comentar que a secuencia sobre o Día Mundial da Saúde e a das Letras Galegas van ser actualizadas en canto a contido).

Nesta segunda entrega:

- Do 7 ao 11 de marzo: **Semana da Prensa.**
- 5 de xuño: **Día Mundial do Medio Ambiente.**
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro: **Semana da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.**

Estrutura da secuencia didáctica:

- **0.- Folla de ruta** (o que realizaremos na secuencia).



- **1.- Caderno de traballo:** Teoría sobre o **significado** da conmemoración, **a importancia da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 como bases fundamentais para a convivencia. Antecedentes. Os dereitos e deberes que recolle a Constitución. Transferencias á nosa Comunidade. Símbolos oficiais de España e os propios da nosa Comunidade**, ampliación da información, integración con pictogramas, actividades sinxelas de comprensión do aprendido...



- **2.- Glosario:** Selección do vocabulario básico e imprescindible para traballar a secuencia didáctica. As definicións serán curtas, concisas e adaptadas á idade do alumnado.

GLOSARIO (ver/ocultar todas as palabras)

A - D

Autonomía: Capacidade dun territorio para dotarse dun ordenamento político.

Bandeira: Pano, case sempre en forma de rectángulo, dunha ou máis cores e ás veces con escudo, que é símbolo dunha nación, partido, rexemento etc., ou que é sinal de algo.


Comunidade Autónoma: División administrativa ou territorial con institucións comúns propia do Estado español.

Concello: Corporación constituída polo alcalde e os concelleiros, que ten ao seu cargo a administración dun municipio.

Congreso dos Deputados: Cámara baixa do Parlamento, propia dos países en que este está formado por dúas asembleas de representantes e integrada polos deputados, que ten como principal responsabilidade a redacción das leis e do control do goberno.


Conselleiro/a: Persoa que está á fronte dunha consellaría.

- **3.- Proposta de actividades colaborativas ou cooperativas:** non necesariamente dixitais (no propio Exelearning e acompañado dunha rúbrica maquettata en Genially e exportada como imaxe).



- **4.- Webquest** ou **Miniquest** sobre a conmemoración.

Introdución **Tarefa** Proceso Recursos Avaliación Conclusións



En **equipos de catro membros** teremos que seleccionar dez medidas que todos deberemos ter en conta para mellorar a convivencia na nosa aula e outras dez para todo o centro.

Estos son os documentos que deberán crear:

- Unha análise **DAFO** coas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades tras realizar un debate en grupo sobre a convivencia na aula e no patio de recreo.
- Os catro ámbitos anteriores serán redactados de novo nun documento **CAME** no cal *corruxamos* as debilidades internas, *afrontemos* as ameazas externas, *manteñamos* as fortalezas do propio centro e *exploremos* as oportunidades que o ambiente nos ofrece.
- Seleccionaremos dez de estos elementos redactados que serán a nosa proposta como decálogo da convivencia na aula ou no centro.
- Coa proposta do grupo elaborarán unha infografía con algunha ferramenta informática.

[Wanicon. Contract \(CC BY\)](#)

- **5.- Ampliación:** propostas de traballo con **dispositivos móbiles** ou emprego de ferramentas e técnicas de **metodoloxías emerxentes**.
Teñen cabida igualmente propostas de ludificación.



- **6.- Recompilación e clasificación doutros materiais dixitais con licenza libre para traballar esta conmemoración** dando especial atención aos publicados no repositorio de contidos do espazoAbalar




- **7.- Avaliación da secuencia didáctica:** Incluirá criterios de avaliación, instrumentos e rúbricas creadas ad hoc.

Avaliamos o traballo en grupo

Profesor: _____
Alumno: _____

Indicadores de avaliación	Excelente 4 😊	Ben 3 😊	Satisfactorio 2 😊	Insatisfactorio 1 😞	Observacións	Puntos
Traballo cos compañeiros	Escota, comparte e apoia o traballo de outros. Trata de manter a unión dos membros.	Usualmente escota, comparte e apoia o traballo de outros. Non causa problemas ao grupo.	A veces escota, comparte e apoia o traballo de outros. Pero a veces non é bo membro do grupo.	Raramente escota, comparte e apoia o traballo de outros. Non é bo membro do grupo.		¿?
Actitude cara o traballo	Sempre ten unha actitude positiva cara o traballo.	Case sempre ten unha actitude positiva cara o traballo.	Algunhas veces ten unha actitude positiva cara o traballo.	Ten unha actitude negativa cara o traballo.		¿?
Clima de traballo	O clima de traballo foi o axeitado. Existiu bastante intercambio de información no grupo.	A posta en común foi algo i insuficiente, pero o clima foi o axeitado.	A posta en común foi significativamente insuficiente.	Non houbo intercambio de información e posta en común no grupo.		¿?
Elaboración das tarefas	As tarefas realizadas foron interesantes e orixinais.	As tarefas axustáronse ao solicitado pero con escaso grado de orixinalidade.	Insuficiente grado de elaboración das tarefas.	Nulo ou escaso grado de elaboración das tarefas.		¿?

- **8.- Documentos:** Integrarei na secuencia os documentos pedidos: a guía didáctica, o manual de uso, os documentos técnicos en galego e castelán e un documento citando a multimedia empregada.



Relación co currículo:

(*DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*).

A pesares de que estas conmemoracións son **transversais**, teñen perfecto encaixe de por sí no currículo oficial de **4º de primaria** aínda que tamén en 5º e 6º así como nos primeiros niveis da ESO.



Secuencia didáctica 3: “Semana da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia”

Esta secuencia está moi relacionada con contidos do bloque 3 da área de “Ciencias Sociais” en 4º de primaria e co Bloque 3 da área de “Valores sociais e cívicos” do mesmo nivel.

Área: **Ciencias sociais**

Bloque 3: “Vivir en sociedade”

Contidos:

B3.1.A Constitución de 1978.

B3.2.Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás

B3.3.Forma de goberno: a monarquía parlamentaria.

B3.4.As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas sinxelos.

B3.5.A organización social, política e territorial: o Estado español e as Comunidades Autónomas.

B3.7.Manifestacións culturais e lingüísticas de España.

Criterios de avaliación:

B3.1.Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidos na Constitución para o exercicio dunha cidadanía activa e unha convivencia pacífica.

B3.2.Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións.

B3.3.Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos.

B3.4.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.

Estándares de aprendizaxe:

CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.

CSB3.2.1. Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.

CSB3.2.2. Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.

CSB3 3.1 Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.

CSB3.4.1. Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.

Competencias clave:

CCL , CSC

Área: **Valores sociais e cívicos**

Bloque 3: “Convivencia e os valores sociais”

Contidos:

B3.4. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.

B3.7. Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais.

Criterios de avaliación:

B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.

B3.6. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.

Estándares de aprendizaxe:

VSCB3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.

VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.

Competencias clave:

CCL , CSC

Ademais do encaixe curricular anterior, está **relacionadas con contidos do bloque de contidos comúns** de ciencias sociais para este curso (4º):

B1.2.Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafoles) e comunicación das conclusións.

B1.4.Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material;

B1.5.Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia;

B1.6.A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos;

B1.7.Utilización da terminoloxía propia da área

Obxectivos educativos en relación e esta secuencia didáctica:

- Valorar e respectar as normas e pautas que rixen a convivencia dun grupo.
- Identificar a organización territorial do Estado español e institucións fundamentais.
- Recoñecer os ideais, valores e partes da Constitución española de 1978.
- Recoñecer os ideais, valores e partes do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981.

Contido a traballar en relación á secuencia:

- A Constitución de 1978. O Estatuto de Autonomía de 1981. A organización territorial do Estado e da Comunidade. As normas de convivencia.

Competencias clave que traballaremos de xeito especial nesta SD:

- **Competencias sociais e cívicas (CSC)** en especial na interacción con outras persoas e grupos e participar de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)** cunha actitude aberta e respectuosa ás diferentes manifestacións culturais e artísticas consideradas como desfrute e parte da riqueza e patrimonio dos pobos.
- **Comunicación lingüística (CCL):** o alumnado vai ser produtor e non só receptor de mensaxes e actuará con outros interlocutores a través de textos en múltiples formatos e soportes.
- **Competencia dixital (CD)** aplicando novos coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para ser competentes nunha contorna dixital sempre dende unha posición responsable, creativa, crítica e respectuosa.

Metodoloxía de aplicación:

Cada unha das secuencias didácticas de este proxecto terá a seguinte estrutura:

- 0.- Folla de ruta.
- 1.- Caderno de traballo
- 2.- Glosario
- 3.- Proposta de actividades colaborativas ou cooperativas.
- 4.- Webquest ou Miniquet sobre a conmemoración.
- 5.- Ampliación: propostas de traballo con dispositivos móbiles ou emprego de técnicas de metodoloxías emerxentes.
- 6.- Recopilación e clasificación doutros materiais dixitais con licenza libre para traballar esta conmemoración.
- 7.- Avaliación da secuencia didáctica.
- 8.- Documentos

Inclúo ademáis na secuencia didáctica propostas para poder traballar cada contido mediante **metodoloxías activas de aprendizaxe** e diferentes **técnicas** (Aprendizaxe Baseado en Proxectos, en Retos, Clase Invertida ou Flipped Classroom, Design Thinking, Gamificación, Escape Game...). O importante de verdade é **que os alumnos sexan os protagonistas da súa propia aprendizaxe** e os recursos que lles presentamos, ao fin e ao cabo, sexa tan só unha excusa, un punto de partida ou un catalizador de esta actividade.

En todas as secuencias incluirei igualmente unha **webquest** para desenvolver **estratexias de investigación** utilizando a Rede.

Estratexias de atención á diversidade

O emprego de metodoloxías activas de aprendizaxe facilita a integración de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo mediante agrupamentos heteroxéneos e a valoración da diferenza. A temática a tratar facilita este tipo de traballo onde a curiosidade e observación serán cualidades moi valoradas.

As secuencias seguirán as directrices do DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) relacionado de forma directa cos **recursos de aprendizaxe en aberto** (REA) e que implica a **acesibilidade universal á educación**.

A neurociencia cognitiva, na formulación do **Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)** sinala a importancia de ofrecer estratexias diversificadas e non centrarnos nun alumnado Standard que non existe -é unha mera entelequia- e nun “currículo promedio” que non axuda nin aos alumnos que non chegan a uns “mínimos” nin aos máis -a priori- “talentosos”. Debemos, polo tanto, ser máis flexibles nos nosos deseños e ofrecer camiños diferentes para chegar a unhas metas, na utilización dos materiais de clase, no uso de métodos, e en como realizamos o proceso de avaliación. Debemos coidar, igualmente, aspectos tales como o xeito de presentar a información, como se expresa, e contar en todo momento co compromiso do alumnado, motivalos e involucralos na súa aprendizaxe.

O DUA diferencia tres áreas fundamentais: a representación, a motivación e a acción e expresión

– A **representación** fai referencia ao contido e aos coñecementos: **que aprender**. Ofreceranse distintas opcións para o acceso ao contido, tanto a nivel perceptivo como comprensivo.


– A **motivación** implica compromiso e cooperación, supón involucrarse: **por que aprender**. Proveranse diferentes formas de contribuír ao interese dos estudantes, tanto para captalo como para mantelo, promovendo a súa autonomía e a súa capacidade de autorregulación.

– A **acción e a expresión** responden a **como aprender**. Neste caso, cedendo todo o protagonismo aos alumnos, mediante o emprego de metodoloxías activas.

Á hora de deseñar este proxecto, debemos integrar diferentes formas de presentación dos temas e responder a distintas **motivacións, estilos de aprendizaxe ou intelixencias**. Ademais, hai que facelo por medio de metodoloxías variadas. Neste proceso creamos uns **contidos universais**, tanto en relación á forma como ao material obxecto de estudo.

Establecemos un obxectivo **pensando en todos os estudantes**, valorando que materiais, recursos e métodos poderán servir para a nosa finalidade integradora, realizando unha **avaliación previa** de carácter diagnóstica e unha avaliación final, unha vez implementada a lección na aula.

Todas as secuencias contarán igualmente con **textos con pictogramas** para nenos con trastornos do espectro autista.



No libro de traballo de cada secuencia didáctica configuramos todas as posibilidades de accesibilidade que a ferramenta de autor nos permite como son: texto alternativo en todas as imaxes e videos para os nenos con discapacidade visual que utilicen lectores de pantallas como JAWS ou NVDA, posibilidade de cambiar de skins con maior contraste para os botóns do libro, texto alternativo avisando das páxinas que se abran en nova ventá...

Mellora da convivencia nos nosos centros

Nesta secuencia didáctica traballaremos entre outros os seguintes **valores** que **mellorarán** sen dúbida **a convivencia nos nosos centros**:

- Respetar a historia e cultura propia.
- Valorar o cumprimento dunhas normas como mellora da convivencia e o ben común.

Avaliación

Realizaremos o proceso avaliativo en **tres momentos**:

Unha **avaliación inicial** ou **diagnóstica** cando iniciemos a aplicación de cada Secuencia Didáctica onde os docentes e o propio alumnado deberemos determinar o grado de coñecementos sobre o tema cos que contamos previamente, as falsas crenzas, prexuizos, e as posibles eivas técnicas ou conceptuais para a realización da secuencia.

Avaliación continua de *carácter formativo* durante as sesións precisas, na que revisaremos como evoluciona o traballo, se se compren os obxectivos ou deben ser revisados ou rectificadados.

Unha **avaliación final** ao remate da secuencia didáctica, a partir da cal extraeremos conclusións prácticas de cara a posteriores temáticas a traballar (se é efectivo este xeito de traballo, que tipo de contidos funcionaron mellor, os agrupamentos, os espazos utilizados, os medios técnicos, como foi a motivación, os resultados acadados axustáronse ou non ás expectativas...).

Atenderemos especialmente os seguintes CRITERIOS na avaliación:

- Grado de coñecemento acadado por parte dos alumnos e alumnas nos temas traballados.
- Grado de implicación dos alumnos e alumnas nas tarefas propostas (tanto individuais como grupais).
- Incidencia do uso das TIC e TAC na práctica docente.
- Atención aos intereses e motivacións dos alumnos.

Instrumentos de avaliación:

Aínda que os propios recursos teñen páxinas con actividades interactivas con autoavaliación e aínda que teñamos a posibilidade de rexistrar todos estes resultados (por exemplo cando estes ODEs témolos subidos en formato scorm dentro dunha aula virtual), **esta interactividade non debería ser utilizada nunca como instrumento de avaliación e sí como un reforzó e estímulo para o alumnado**. Recomendo outro tipo de instrumentos como son a realización de **rúbricas** na que cada alumno ou grupo valore o seu progreso ao longo de toda a actividade, e incluso avaliación entre pares.

Avaliamos o traballo en grupo

Profesor: _____
 Alumno: _____

Indicadores de avaliación	Excelente 4 😄	Ben 3 😊	Satisfactorio 2 😐	Insatisfactorio 1 😞	Observacións	Puntos
Traballo cos compañeiros	Escolta, comparte e apoia o traballo de outros. Trata de manter a unión dos membros.	Usualmente escolta, comparte e apoia o traballo de outros. Non causa problemas ao grupo.	A veces escolta, comparte e apoia o traballo de outros. Pero a veces non é bo membro do grupo.	Raramente escolta, comparte e apoia o traballo de outros. Non é bo membro do grupo.		?
Actitude cara o traballo	Sempre ten unha actitude positiva cara o traballo.	Casi sempre ten unha actitude positiva cara o traballo.	Algunhas veces ten unha actitude positiva cara o traballo.	Ten unha actitude negativa cara o traballo.		?
Clima de traballo	O clima de traballo foi o axeitado. Existiu bastante intercambio de información no grupo.	A posta en común foi algo insuficiente, pero o clima foi o axeitado.	A posta en común foi significativamente insuficiente.	Non houbo intercambio de información e posta en común no grupo.		?
Elaboración das tarefas	As tarefas realizadas foron interesantes e orixinais.	As tarefas axustáronse ao solicitado pero con escaso grado de orixinalidade.	Insuficiente grado de elaboración das tarefas.	Nulo ou escaso grado de elaboración das tarefas.		?

Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)